

A stylized, high-contrast illustration in a comic book style. It features four women's faces: one at the top left with a wide smile, one at the top right with a serious expression, one in the center with a neutral look, and one at the bottom left with a slight smile. A large, stylized hand with a green comb is positioned on the right side, holding the hair of the woman at the bottom left. The background is a light purple with a fine dot pattern.

8 de marzo

Día Internacional das Mulleres

Propostas Didácticas enredadas contra as violencias machistas



STES
INTERSINDICAL
Organización de Mujeres



**CONFEDERACIÓN
INTERSINDICAL**
Organización de Mujeres



**Asemblea
de Mulleres**



STEG



Elaboración e Coordinación:

Organización de Mulleres de STES-i
Organización de Mulleres de Confederación Intersindical
Área de Publicacións da Confederación Intersindical.

Deseño e maquetación:

Área de Publicacións da Confederación Intersindical.

Edición e Distribución:

Confederación Intersindical.
C/ Carretas, 14, 7º E y F, 28012 MADRID.
Tel.: 91 523 14 78. Fax: 91 532 22 80.
Correos electrónico: o.mujeres@stes.es | publicaciones@intersindical.es
Web: www.stes.es

Esta publicación ou calquera parte dela pódese reproducir e distribuír libremente, aínda que nos gustaría que nos citárais.

ENREDADAS CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

A través desta serie de actividades pretendemos que o alumnado analice as desigualdades que existen entre homes e mulleres e que, desde a educación, adquira un espírito crítico ante esta desigualdade. Tamén queremos que a igualdade sexa o eixo principal nas súas relacións.

Todas as actividades que formulamos son orientadoras. Cada profesora ou profesor pode adaptalas, modificalas, amplialas,... en función das súas necesidades.

XUSTIFICACIÓN

O Feminismo desenvolveuse e desenvólvese como un proceso fundamental para a consecución dos valores sociais de igualdade e de liberdade na sociedade. Consideramos importante que o noso alumnado o coñeza.

OBXECTIVOS

1. Fomentar relacións de equidade entre xéneros.
2. Dar visibilidade á achega das mulleres na sociedade.
3. Utilizar os medios de comunicación como fonte de información.
4. Crear espírito crítico perante a desigualdade entre homes e mulleres.
5. Corrixir determinados aspectos da realidade a través dunha situación lúdica.
6. Tornar visíbel a xenealoxía dos movementos de mulleres con obxectivos feministas.
7. Recoñecer a contribución do feminismo ao desenvolvemento das sociedades democráticas.
8. Amosar e valorar a loita de tantas mulleres a prol da consecución dos nosos dereitos.
9. Potenciar o empoderamento das mulleres, dentro e fóra do centro

educativo.

10. Sensibilizar o alumnado sobre a importancia do traballo en equipo.
11. Desvelar os estereotipos culturais sexistas existentes nas relacións e tarefas familiares.
12. Desenvolver a cultura da igualdade nas diferentes relacións humanas, no centro educativo e fóra del.
13. Potenciar a educación emocional como parte importante da personalidade do/ da adolescente.
14. Sensibilizar o alumnado sobre a loita contra as violencias machistas.
15. Coñecer os principais micromachismos (violencia simbólica) presentes na nosa sociedade.
16. Reflexionar sobre o dereito das mulleres a ser nais.
17. Identificar os elementos da violencia institucional.
18. Reflexionar sobre a forma das reivindicacións das mulleres.
19. Identificar os cambios nas condicións de vida das mulleres e o recoñecemento das súas reivindicacións.
20. Reflexionar sobre a igualdade entre homes e mulleres nas condicións laborais.
21. Identificar as medidas que contribúen a paliar a desigualdade no ámbito laboral

METODOLOXÍA

O alumnado terá un papel activo. A través da investigación irá descubriendo novas situacións. Fomentárase o traballo en grupo e o diálogo e o debate para así conseguir unha aprendizaxe significativa. O papel do profesorado será o de orientar, guiar e motivar o alumnado

educación infantil

Actividades para 3, 4 e 5 anos

1ª.- A árbore dos sentimentos.

O profesor ou profesora debuxa en papel continuo dúas árbores con anchos troncos.

O alumnado pegará nunha das árbores imaxes de mulleres tristes e na outra árbore imaxes de mulleres alegres, que previamente trouxeron da casa.

En asemblea preguntárase o alumnado por que coidan que están tristes ou alegres esas mulleres das imaxes e como lle gustan máis. O profesor ou profesora irá poñendo nas polas as razóns dadas para un caso e outro.

O alumnado debuxará a súa mamá e explicarlle ao resto de compañeiros/as se está triste ou alegre e por que.

Previamente a estas actividades tratarase en asemblea o tema da tristura e da alegría. Tamén o significado do 8 de marzo.


2ª.- Eu abrázote, ti abrázame.

En asemblea tratarase o tema "Por que pelexan as persoas" e farase unha listaxe dos porqués, que irá anotando a profesora/profesor. Preguntaremos se lles parece ben ou mal que pelexen e se viron algunha vez alguén pelexar, berrar, etc.

Xogamos ao xogo "Eu abrázote...": abrazamos o neno ou nena que temos á nosa esquerda e dicímoslle algo bonito. Ao finalizar os nenos/as contarán como se senten.

Debuxaremos mulleres contentas para conmemorar o 8 de marzo, que colocaremos nun panel para destacar o importante que é velas felices.

Previamente a esta actividade explicárase por que se celebra o 8 de marzo.



ACTIVIDADES EN INGLÉS

VOCABULARY: TOYS

Doll, ball, scooter, car, videogames, teddy bear, puppets, skateboard, action figure, board-game... (we may add more)

Ask the children a couple of days before the session to bring their favourite toy.


Sitting in a circle, children (one by one) may introduce their toys to the others. We can help them to say the names in English.

In order to get to learn all the new words, we ask them to close their eyes, and we choose a toy and we hide it. We ask them to open their eyes, and to guess which toy is missing. The one who is right will hide the next, we can play three or four times.

Then, in the board, we introduce them to a boy and a girl. (This could be an example: https://img.clipartfox.com/8c75a0cla9a2d8faadac8afd5978244c_-a-boy-and-girl-holding-clipart-for-boy-and-girl_300-300.jpeg)

Then, we will have a small debate, classifying the toys they have brought into boys' and girls' toys, in order to check what they think, and if these toys are really for boys or for girls or we can actually play with them regardless of gender.

To finish, we will watch this videosong <https://www.youtube.com/watch?v=B0bvAPPUSqE>, so we finish the session strengthening the new vocabulary, and having some fun.





educación primaria

Actividades de 6 a 9 anos



Tema. Protagonista do mes.

María Antonia Blasco Marhuenda

Motivación <https://www.youtube.com/watch?v=cvuzlHE48w4>

Baseámonos na biografía de María Blasco Marhuenda

- buscamos la biografía de María Blasco en internet

Faremos dous paneis grandes para expoñelos na entrada do centro. Nun deles colocaremos a súa fotografía, nome e profesión. Noutro poñeremos os seus logros máis importantes. Unha vez comentada en grupo clase a biografía de María, completar as seguintes cuestións:

Onde naceu?
Que estudou?
Profesión:
Lugar de traballo:
Que traballo desenvolve:

Coidas que o traballo que desenvolveu é un logro para a Humanidade?
.....

É unha defensora da muller.....

Coidas que como directora do CNIO influíu para a conciliación da vida familiar e laboral das traballadoras?
.....

Coidas que as mulleres poden ocupar postos de responsabilidade?
.....

Cal é o último recoñecemento que lle deron a María Blasco en Alacant?
.....

Que destacarías máis de María Blasco?
.....

https://es.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADada_Blasco_Marhuenda
<http://www.diarioinformacion.com/opinion/2017/01/26/mujeres-ciencia-maria-blasco-doctora/1853294.html>

ANTI-PRINCESAS

1.- Elixir un conto tradicional cunha princesa e modifícalo entre toda a clase para que a historia non reproduza os roles de xénero tradicionais e converter a princesa nunha antiprincesa.

2.- Representar algunha obra de teatro Antiprincesas. Todo o alumnado pode participar elaborando os monicreques ou achegando algún que xa teña na casa e adaptalos á obra elixida.

A obra pode ser representada polo alumnado ou ben por un grupo de mestres e mestrás, de forma sinxela. Pódese elaborar un guión a partir de exemplos como os seguintes:

• **A princesa valente e o seu amigo Vicente**, <https://www.marimbamarionetas.com/espectaculo/la-princesa-valiente-y-su-amigo-vice/>

• **A Cincenta que non quería comer perdices**. Nunila López Salameiro; Myriam Cameros Sierra

<https://www.youtube.com/watch?v=FxV79rz4xWA>

<http://www.mujeresenred.net/IMG/pdf/lacenicientaquenqueriacomerperdices.pdf>

• **¿Hai algo máis aborrecido que ser unha princesa rosa?**, de Raquel Díaz Reguera. Colección Outras Princesas: Frida Kahlo, Violeta Parra, etc.

educación primaria

Actividades de 9 a 11 anos

WOMEN WHO CHANGED HISTORY.

We choose five determined women who made history around the world: (also there are different videos on youtube)

- Melba Pattillo (https://en.wikipedia.org/wiki/Melba_Pattillo_Beals)
- Clara Campoamor (https://en.wikipedia.org/wiki/Clara_Campoamor)
- Valentina Vladimirovna Tereshkova (https://en.wikipedia.org/wiki/Valentina_Tereshkova)
- Emma Goldman (https://en.wikipedia.org/wiki/Emma_Goldman)
- Rigoberta Menchú (https://en.wikipedia.org/wiki/Rigoberta_Mench%C3%BA)

You may find adapted English versions selecting "Simple English" in Wikipedia.

In order to study the past simple tense and personal information (mainly questions), we will divide the class into sub-groups and ask them to investigate. They will have to perform a TV show, (an interview) In front of the class.

- Ideas for syllabus:
- Who are you?
- Where are you from?
- When were you born?
- What did you do for a living?
- Why were you famous?

educación secundaria

Actividades de 12 a 15 años

- <http://www.ite.educacion.es/ca/inicio/noticias-de-interes/763-8-de-marzo-dia-internacional-de-la-mujer>
- <http://www.un.org/es/events/womensday/history.shtml>

Crearanse pequenos grupos de cinco ou seis persoas (mellor se son mixtos) e cada un deles empezará un relato no seu caderno (de 25-30 liñas). Ese relato debe cumprir os seguintes requisitos:

A temática (pode ser inventada ou baseada en referentes reais) debe tratar sobre algúns destes aspectos: a igualdade de dereitos entre homes e mulleres; as mulleres nos libros de texto; a conciliación, a corresponsabilidade, as mulleres nos postos directivos, a brecha salarial, a muller no deporte, etc. (Buscar as palabras que non se entendan nun dicionario).

O contido do relato ten de ser respectuoso. Relatos construtivos sobre a igualdade de dereitos entre homes e mulleres (a súa loita e logro). Recordade que esta actividade é para celebrar o Día Internacional da Muller, aínda que todos os días deberían ser 8 de marzo.

Poden acompañarse os relatos de debuxos realizados polo alumnado ou fotografías e imaxes.

Seguramente serán necesarias dúas sesións para a finalización dos relatos.

Unha vez finalizados, pódense expoñer nunha mesa ou andel no recibidor do centro educativo para que o resto do alumnado e de visitantes ao centro poidan


consultalos e lelos. (Poderían expoñerse durante a semana do 8 de marzo).

O 8 de marzo podería levarse a cabo a entrega do premio ao mellor relato cooperativo.

PERIODIZACIÓN: 2 sesións de preparación e unha semana de exposición.

O alumnado pode inspirarse para as súas historias nos seguintes enlaces, sobre historias de mulleres:

- <https://www.youtube.com/watch?v=7YJls76f0ZE>
<https://www.youtube.com/watch?v=s82f2Ew-yk>
<https://www.youtube.com/watch?v=92u-HRAacQ4>
https://www.youtube.com/watch?v=9MNM_5TuVui
<https://www.youtube.com/watch?v=VuB0HEVLHok>
<https://www.youtube.com/watch?v=bTlji6bhf4E>



- Dinámica cooperativa e participativa.
- Buscar no dicionario que significa micromachismo (<https://es.wikipedia.org/wiki/Micromachismo>) e que cada alumno/a copie a definición no seu caderno.
- No seguinte enlace tes exemplos de micromachismos: <https://feministailustrada.com/2016/01/28/25-micromachismos/>
- Escribir 5 exemplos de micromachismos no cuaderno.
- Comentalos co grupo clase.
- En grupos de 5 o 6 (preferibelmente mixtos) comentade as seguintes imaxes de micromachismos. Anotade as conclusións no caderno:



Támén en grupo, elixide unha das imaxes anteriores e debuxade a imaxe oposta, isto é, como debería ser a imaxe para fomentar a igualdade entre mulleres e homes e que non houboese micromachismo.

Expor em mural as imaxes acabadas, baixo o lema “Construíndo a igualdade”

Para concluir a actividade, poderíase facer un debate co grupo clase sobre os micromachismos, a violencia simbólica, a igualdade entre homes e mulleres...

TEMPORIZACIÓN: 2 SESIÓN: 1 sesión para o traballo en grupo e o mural e outra para realizar o debate.



secundaria e bacharelato

Actividades de 15 a 18 anos

Actividade: Ser nais por elección e non por obriga

Desenvolvemento

Le os artigos e responde as cuestións:

- <http://www.elmundo.es/internacional/2017/01/25/58887eea22601dd4f98b45e8.html>

- http://elpais.com/diario/1994/01/10/sociedad/758156411_850215.html

Busca información sobre os decretos que asinou o novo presidente dos EE.UU. ao tomar pose do seu cargo. En que afectan as mulleres?

Cales son as consecuencias de ter un goberno que deixa liberdade para elixir ser nais ou non fronte a outro goberno que obriga as mulleres a seguir adiante co embarazo aínda que este non sexa desexado?

Coidas que no noso Estado temos a mesma accesibilidade que en Holanda aos métodos anticonceptivos? Que melloraría, nese sentido?

Realizamos un debate na aula sobre o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo e opinamos sobre a posición que os Estados e Gobernos deben tomar ante as decisións das mulleres.



Imagen: <http://zg.zfelestudantil.org/?p=389>

Lede o seguinte artigo e reflexionade sobre as seguintes cuestións.

<http://www.tribunafeminista.org/2017/01/de-la-habitacion-propia-a-la-plaza-publica/>

Cales eran as condicións de vida de Virginia Woolf e Rosalía de Castro? En que se podían parecer ás condicións que temos as mulleres na actualidade? Quen realiza as tarefas da casa? Dedicán as mulleres o mesmo tempo que os homes ás tarefas domésticas?

Pensade en mulleres que coñezades que traballen, ademais, fóra da casa. Que tipo de traballo teñen? Cobran o mesmo que os homes?

Actividade: Desde os nosos pensamentos a tomámos as rúas

Dividir o grupo-clase en grupos de 5 persoas. Cada grupo buscará información sobre Rosalía de Castro e Virginia Woolf reflexionando sobre as similitudes das súas vidas e relacionándoas coas vidas das mulleres na actualidade.

Desenvolvemento:

MERCADO LABORAL

65,9% 53,7%



TAREAS DEL HOGAR



2h/día
+ que los hombres

EXCEDENCIAS POR CUIDADO FAMILIAR



42.000



3.861

SALARIO ANUAL



4.620 €
- que los hombres

<http://comunidad.iebschool.com/iebs/recursos-humanos-2-0/desigualdad-laboral-entre-hombres-y-mujeres>



Actividade: A miraxe da igualdade

Obxectivos:

- Reflexionar sobre se existe igualdade real entre homes e mulleres.
- Identificar os elementos da desigualdade no ámbito laboral.
- Buscar solucións e medidas para resolver a desigualdade.

Metodoloxía:

Dividir o grupo clase en 8 grupos. Cada un dos subgrupos encargárase de buscar información sobre cada un dos apartados do artigo de La Nueva España.

Materiais:

Acceso a Internet, bolígrafo e papel

Desenvolvemento:

En cada grupo buscade información sobre o apartado que vos corresponda do artigo de La Nueva España.

<http://www.lne.es/sociedad-cultura/2015/03/08/los-8-datos-sobre-desigualdad/1723882.html>

http://economia.elpais.com/economia/2016/03/07/actualidad/1457378340_855685.html

- Após a lectura de ambos artigos poñede exemplos de desigualdade das mulleres no ámbito laboral.
- Propoñede solucións para paliar esas desigualdades.

@iebschool

OPORTUNIDADES

MÁS
mujeres
con
estudios
que
hombres

MÁS
hombres
con
trabajo
que
mujeres

Actividade: Loitando contra a desigualdade laboral

Dividir o grupo clase en grupos máis pequenos e realizar as actividades propostas dentro dos subgrupos, para despois facer unha posta en común e abrir un debate sobre as respostas suxeridas.

Desenvolvemento:

Supoñede que pertencedes a unha grande empresa e que desde o voso departamento debedes propoñer ideas para erradicar a discriminación de xénero. Elixide da seguinte listaxe as que empregariades e as que desbotariades, explicando o porqué en cada caso:

Medidas propostas:

1. Analizar periodicamente o impacto de xénero das medidas de conciliación.
2. Facilitar ás mulleres da empresa que poidan asistir ás visitas médicas dos seus fillos e fillas, así como ás reunións previstas nos centros educativos.
3. Potenciar medidas de conciliación da vida laboral e persoal que fomenten o cambio de roles tradicionais de homes e mulleres.

4. Equiparar o tipo de contratacións que se destinan a homes e mulleres.
5. Dar facilidades ás traballadoras para dispoñer de contratos a tempo parcial para facilitarles atender as súas fillas e fillos ou familiares de maior idade.
6. Asegurar a proporcionalidade nas condicións laborais dos contratos temporais e a tempo parcial.
7. Estabelecer complementos ou axudas en nómina das traballadoras que teñan que facer uso de garderías.
8. Formular a creación dun programa de actividades, dentro das instalacións da empresa, para os fillos e fillas das persoas que traballen nela.
9. Avaliar o impacto de xénero da inclusión de criterios relacionados coa mobilidade xeográfica nos sistemas de baremación para o desenvolvemento da carreira profesional.
10. Detectar e eliminar as posibles discriminacións salariais e os factores que xeran diferenzas nos ingresos de homes e mulleres.
11. Implantar a posibilidade do teletraballo.

persoas
adultas

2ª Actividade

Por pequenos grupos (4 persoas), buscarase información sobre a historia do feminismo, onde xurdiu, como xurdiu, as distintas correntes no seu seo, a situación actual do feminismo, etc.

Unha vez realizado o traballo visionarase a película "Ella es hermosa cuando está enojada" <https://www.youtube.com/watch?v=a8idmtelbia&t=565s>

Vista a película, cada pequeno grupo elixirá unha das mulleres que saen nela e investigará sobre ela.

A seguir, cada pequeno grupo exporá a información diante do resto de compañeiras e compañeiros.



"Enredadas contra as violencias machistas".

1ª Actividade

Comezaremos a actividade cun debate sobre o sentido da frase. Que pretende transmitir? Por que ese uso do plural en "violencias machistas"? A que fai referencia?...

Leremos as seguintes frases de Donald Trump alusivas ás mulleres, debateremos na clase se son correctas ou non, como fan que se sintan as mulleres, se unha persoa que denigra desa maneira as mulleres pode ser un bo gobernante,...

http://www.huffingtonpost.es/2015/08/29/donald-trump-mujeres_n_8042090.html

A continuación veremos e leremos noticias alusivas á marcha das mulleres en Washington do 22 de xaneiro de 2017. Por que se orixinou? Que pretendía? Que lles transmitiu ás mulleres do mundo e ás persoas que queren a igualdade real entre mulleres e homes.

<https://www.youtube.com/watch?v=uvVNmN7WCE>

<https://www.youtube.com/watch?v=4Xq7pEJeaos>

Unha vez finalizado o visionado e o coloquio, faranse dous grupos mixtos na clase. Un debe buscar argumentos a favor de Trump e o outro a favor das mulleres (independentemente de que se compartan ou non as opinións). Realizarase un debate enfrontado as dúas posicións.



el clarión

8 de marzo
Día Internacional das Mulleres

Propostas Didácticas enredadas contra as violencias machistas

